

# **MEMORIA-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN GALEGO DE ACUICULTURA (REVISIÓN DO PLAN SECTORIAL DOS PARQUES DE TECNOLOXÍA ALIMENTARIA)**

## **ANTECEDENTES**

De conformidade co disposto nos artigos 22 e seguintes da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio, e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (actual Consellería do Mar), promoveu no seu día o “Plan Sectorial dos Parques de Tecnoloxía Alimentaria na costa galega”, que foi finalmente aprobado polo Consello da Xunta con data 30 de xuño de 2005, e posteriormente validado polo mesmo Consello con data 22 de xullo do mesmo ano.

Con data 19 de maio de 2006, observadas determinadas deficiencias na tramitación do devandito Plan sectorial, así como a súa especial incidencia sobre espazos naturais de especial protección, particularmente sobre os situados na Rede Natura 2000, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, de conformidade coa Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, propuxo proceder a iniciación dos trámites para a revisión e modificación do Plan Sectorial, con suspensión da tramitación dos proxectos sectoriais que no seu desenvolvemento se proxectaran sobre espazos protexidos da Rede Natura 2000, e coa suspensión tamén da execución daqueles outros cuxas instalacións se proxectan sobre tales espazos.

En cumprimento do acordado, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos iniciou os trámites para a revisión do Plan Sectorial, elaborando un novo documento, “Plan Galego de Acuicultura (Plan Sectorial dos Parques de Tecnoloxía Alimentaria na Costa Galega, Revisado)”, que foi sometido a proceso de avaliación ambiental regulado na Lei estatal 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, sendo parte integrante do mesmo o Informe de Sustentabilidade Ambiental.

Mediante o Plan Galego de Acuicultura, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos pretende ordenar o uso do litoral para potenciar o crecemento sostible da acuicultura mariña desenvolvida en terra mediante a delimitación clara dos espazos non protexidos ambientalmente nos que se poidan situar as instalacións de acuicultura, así como mediante a determinación das condicións xerais para o futuro desenvolvemento das instalacións, na procura, igualmente, de reactivar economicamente as áreas implicadas.

Respecto á tramitación do Plan, debe sinalarse que con data 30 de xuño de 2007 publicouse no DOG o anuncio do 27 de xuño de 2007, da Dirección Xeral de Recursos Mariños, polo que, durante un prazo de dous meses, se someteu a información pública o Plan Sectorial de Acuicultura de Galicia e o seu informe de

sustentabilidade ambiental, ós efectos previstos no artigo 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, así como non artigo 21 da Lei estatal 9/2006, do 28 de abril.

De maneira simultánea co trámite de información pública, solicítuose nominalmente informe ós organismos públicos afectados (tanto da Administración estatal como da autonómica e local), así como ás organizacións ou entidades previamente indentificadas como público interesado no Documento de referencia para avaliación ambiental estratéxica do plan, elaborado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Finalizada a fase de consultas e valoradas as alegacións formuladas, modificouse o documento do plan no que se estimou procedente e elaborouse a memoria ambiental.

Con data 29 de xullo de 2008 emítese informe da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Pública e Transportes, informe que é previo e preceptivo á aprobación do Plan, no seu caso, polo Consello da Xunta. En contestación a este informe, mediante escrito do 31 de xullo a Dirección Xeral de Recursos Mariños analiza os contidos do informe e completa certos datos xustificativos do Plan Sectorial. Á vista de tales observacións, o 22 de agosto a Dirección Xeral de Urbanismo emite un novo informe previo á aprobación do Plan.

Finalmente, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 28 de agosto de 2008 aprobou o Plan Galego de Acuicultura promovido pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia, como resultado da revisión do Plan Sectorial dos Parques de Tecnoloxía Alimentaria aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de xuño de 2005.

## OBXECTIVOS

O obxectivo primordial da presente modificación é cambiar o réxime de acceso á propiedade dos terreos sobre os que se pretendan implantar proxectos sectoriais.

O Plan Galego de Acuicultura de 2008, ao regular o desenvolvemento do Plan Sectorial, no parágrafo A.6.5 dispón: *“...para o desenvolvemento dos parques cualificados como “Novos” para os que non se estea tramitando un proxecto sectorial nos termos do apartado b) (aqueles proxectos sectoriais cuxa tramitación se iniciase de conformidade co disposto no Decreto 80/2000 con anterioridade á data de apertura do período de información pública deste plan), a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos promoverá un procedemento de expropiación dos terreos necesarios e abrirá un proceso de concorrencia competitiva para a súa adxudicación, no que poderán participar vos proxectos que cumpran as determinacións do plan. As bases deste concurso establecerán os requisitos de presentación entre os que se incluírá a constitución dun aval, e os criterios de valoración dos proxectos. O proxecto seleccionado tramitarase*

*como unnecessary para a súa execución adxudicaranse ao titular do proxecto mediante unha concesión por un prazo que en ningún caso poderá exceder de trinta anos...”*

Isto supón que:

- A titularidade dos terreos corresponde á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
- O acceso a propiedade será unicamente por medio da expropiación.
- O réxime de ocupación do solo polas empresas será o de concesión administrativa.

A Consellería do Mar considera que o desenvolvemento de actividades empresariais dedicadas a produción de bens para o mercado non debe facerse baixo o réxime de concesión para o uso de bens patrimoniais da administración; lembremos que non se trata de bens de dominio público.

O feito de ser actividades nas que concorren utilidade pública e interese social, non fai que o criterio desta Consellería sexa excluír a iniciativa privada na adquisición da propiedade dos terreos onde lle desenvolven plantas dedicadas á acuicultura.

A iso debemos engadir que dada a conxuntura económica na que encontramos, aplicar o método previsto actualmente no Plan de Acuicultura de 2008, implicaría obrigar a Administración a realizar importantes desembolsos (dos que non se dispón) para a adquisición duns terreos cuxa finalidade non é outra que implantar plantas dedicadas á acuicultura e cuxa explotación e principal beneficiario da mesma serían os promotores privados.

*Por todo o exposto, a Consellería do Mar, pretende iniciar os trámites para a modificación puntual do PGA. Modificación que persegue fundamentalmente que a expropiación quede coma un método posible de adquisición de terreos, pero non como o único xeito de adquirir a propiedade dos mesmos, e sempre aparecendo como beneficiaria a empresa que vai desenvolver o proxecto sectorial en cuestión, que sería a titular dos terreos. proxecto sectorial ao abeiro do Decreto 80/2000, e os terreos.*

## PROPOSTA

A Consellería do Mar, a través desta Dirección Xeral, propón como nova redacción do parágrafo A.6.5 do Plan de Acuicultura de 2008, a seguinte:

*“O Plan Sectorial está promovido pola iniciativa pública, sendo o seu promotor a Consellería do Mar, aínda que o seu desenvolvemento poida corresponder a iniciativa privada.*

*De conformidade coa lexislación vixente en materia de ordenación do territorio e*

*urbanística, o presente Plan Sectorial desenvolverase, de ser o caso, mediante a aprobación dos correspondentes proxectos sectoriais.*

*As actuacións levaranse a cabo por expropiación forzosa, se así fose necesario, correspondéndolle á citada Consellería a tramitación dos expedientes expropiatorios como Administración actuante.*

*A posta en marcha dun Proxecto Sectorial que desenvolva un ou varios asentamentos definidos no presente Plan Sectorial, só tramitarase se hai un organismo ou unha empresa que solicite a posta en marcha total ou parcial do Parque, aínda que sexa por fases.*

*Poderanse desenvolver varios Proxectos Sectoriais nun mesmo ámbito do Plan Sectorial. Neste caso, o primeiro proxecto Sectorial velará e xustificará debidamente, a viabilidade do desenvolvemento dos seguintes proxectos Sectoriais e así sucesivamente. O primeiro proxecto Sectorial desenvolverá as instalacións comúns previstos no presente Plan Sectorial para cada un dos vinte e tres ámbitos xeográficos.*

*Nun mesmo asentamento do Plan Sectorial, terán cabida un ou varios usuarios do Parque. Cando se trate de Proxectos Sectoriais que desenvolvan situacións dentro dun mesmo asentamento do Plan Sectorial, ou ben próximas a instalacións existentes, ou ben ampliacións de instalacións existentes, terán prioridade as empresas instaladas sobre as novas, podendo existir as empresas instaladas, a aplicación dos criterios técnicos e biolóxicos expostos no presente Plan, canto a toma e desagüe de auga de mar.*

*Os usuarios dos Parques que desexen instalarse deberán cumprir os seguintes criterios:*

*a. Dentro dun parque de tecnoloxía alimentaria só poderanse instalar as empresas que se dediquen as seguintes actividades:*

*Granxa Marina  
Criadeiros*

*b. As empresas instaladas no polígono deberán de garantir que as súas verteduras ao mar, cumpren coa táboa mais esixente de verteduras segundo a administración medioambiental competente nesa situación do parque de tecnoloxía alimentaria.*

*c. Cada polígono existirá unha captación de auga de mar e un só emisario de efluentes, que terminará a unha distancia dun mínimo de 500 m da captación.*

*d. Só se permitirá a instalación dunha piscifactoría por cada parque de tecnoloxía alimentaria para evitar riscos por epizootias, agás acordo en contra das que*

*pretendan instalarse, se son máis de unha.*

*e. O pozo de bombeo e a captación se dimensionarán en función da superficie máxima destinada en cada polígono para granxas de cultivo de peixes, máis un 10% desa capacidade, para outras actividades de acuicultura que necesiten auga de mar.*

*f. As empresas do mesmo Parque, que para a súa actividade necesiten auga de mar compartirán o pozo de captación e a captación.*

*g. O control e mantemento do pozo e da captación deixarase baixo a responsabilidade da empresa que consuma máis auga.*

*h. Os custos do mantemento do pozo e da captación correrán a cargo da xestora do Parque que repercutirá os gastos de mantemento sobre os usuarios do pozo de bombeo, de forma proporcional ao consumo de cada un deles.*

*i. No caso dun Parque no que vaiase a instalar máis dun usuario, no Proxecto Sectorial contemplarase a execución das redes de infraestrutura común como son vías, aparcadoiros, redes de abastecemento de auga doce e salgada, iluminación pública e redes de enerxía eléctrica, redes de fecais e pluviais así como as de voz e datos, cos estándares técnicos habituais dos promotores de solo público industrial como poden ser XESTUR ou SEPES, sen esquecer o acceso para vehículos pesados e o servizo de recolleita de residuos urbanos, industriais e perigosos, incluíndo MAR, MER, e zonas de servizos comúns.*

*j. Toda empresa situada no parque terá implantado (non necesariamente certificado) un sistema de xestión medioambiental baseada norma ISO ou EMAS, tendo acceso a todos os seus rexistros medioambientais calquera das empresas que se atopen situadas no mesmo parqueo no seu defecto a Consellería de Pesca”.*

O Director Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños

Pablo Ramón Fernández Asensio